



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

A CRUZADA DOS NENOS

Marcel Schwob

Tradución ó galego de Perfecto Andrade Grande

Título orixinal: "La croisade des enfants"



Asociación de
Tradutores Galegos

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2008
© da tradución, Perfecto Andrade Grande, 2008

RELATO DO GOLIARDO

Eu, pobre goliardo, clérigo miserable errante polas fragas e os camiños para mendigar, no nome do Noso Señor, o meu pan cotián, vin un espectáculo piadoso e oín as verbas dos nenínos. Sei que a miña vida non é en absoluto moi santa, e que cedín ás tentacións baixo os tileiros do camiño. Os irmáns que me dan viño ven ben que estou pouco afeito a bebelo. Pero non pertenzo á seita dos que mutilan. Hai malvados que lles estalan os ollos ós pequenos, e sérranlles as pernas e átanlle as mans, co fin de expolos e implorar piedade. Velaí por que tiven medo ó ver a todos eses nenos. Sen dúbida, o Noso Señor defenderaos. Falo ó azar, porque estou cheo de ledicia. Ríu da primavera e do que vin. O meu espírito non é moi forte. Recibín a tonsura de clerecía á idade de dez anos, e esquecín as verbas latinas. Son semellante ó saltón: porque chouto por acó e por aló e zoo, e ás veces abro ás de cor, e a miña cabeza miúda é transparente e baleira. Disque San Xoán alimentábase de saltóns no deserto. Habería que comer moitos. Pero San Xoán non era en absoluto un home feito coma nós.

Estou cheo de adoración por San Xoán, porque era errante e pronunciaba verbas sen continuación. Paréceme que deberían ser máis doces. A primavera tamén é suave, este ano. Nunca houbera tantas flores brancas e rosas. As praderías están lavadas de fresco. Por todos lados o sangue do Noso Señor radia sobre os arbustos. O Noso Señor Xesús é cor de lis, pero o seu sangue é vermello. Por que? Non sei. Iso debe estar en algún pergamiño. Se eu fora experto nas letras, tería pergamiño, e escribiría nel. Así comería moi ben todas as noites. Iría ós conventos a rezar polos irmáns mortos e inscribiría os seus nomes no meu rolo. Transportaría o meu rolo dos mortos dunha abadía a outra. É algo que lles gusta ós nosos irmáns. Pero ignoro os nomes dos meus irmáns mortos. Pode ser que o Noso Señor non se preocupe en absoluto tampouco de sabelos. Todos eses nenos pareceume que non tiñan nomes. E é seguro que o Noso Señor Xesús os prefire. Enchían a estrada coma un enxame de abellas brancas. Non sei de onde viñan. Eran uns peregrinos miudiños. Tiñan caxatos de nogueira e de bidueiro. Tiñan a cruz sobre as costas; e todas esas cruces eran de moitas cores. Vin unhas verdes, que debían de estar feitas con follas cosidas. Son nenos salvaxes e ignorantes. Erran

cara a non sei que. Teñen fe en Xerusalén. Eu penso que Xerusalén está lonxe, e o Noso Señor debe estar máis cerca de nós. Eles non chegarán a Xerusalén. Pero Xerusalén chegará a eles. Como a min. A fin de todas as cousas santas está na ledicia. O Noso Señor está aquí, sobre esta espina arrubiada, e sobre a miña boca, e no meu pobre falar. Porque eu penso nel e o seu Sepulcro está no meu pensamento. Amén. Deitareime aquí ó sol. É un lugar santo. Os pes do Noso Señor santificaron todos os lugares. Durmirei. Que Xesús faga durmir pola noite a todos eses nenos que levan a cruz. En verdade, dígollo. Teño moito sono. Dígollo, en verdade, porque pode ser que non os vira en absoluto, e el debe velar os nenos. A hora de mediodía pesa sobre min. Todas as cousas son brancas. Así sexa. Amén.

RELATO DO LEPROSO

Se queredes comprender o que vos vou dicir, sabede que teño a cabeza cuberta cun capuchón branco e que sacudo un trinquete de madeira dura. Xa non sei que cara teño, pero amedréntanme as miñas mans. Corren diante de min coma animais escamudos e lívidos. Querería cortalas. Avergónzame o que tocan. Paréceme que fan desfalecer os froitos vermellos que recollo e as pobres raíces que arrinco parecen esmorecer baixo elas. *Domine ceterorum, libera me!*¹ O Salvador non expiou o meu pecado pálido. Estou esquecido ata a resurrección. Coma o sapo selado ó frío luar nunha pedra escura, permanecerei pechado na miña ganga noxenta cando os outros se ergan co seu corpo claro. *Domine ceterorum, fac me liberum : leprosus sum*² Son solitario e teño horror. Só os meus dentes gardaron a súa brancura natural. Os animais aterrorízanse, e a miña alma querería fuxir. O día aparta de min. Fai mil douscentos doce anos que o seu Salvador os salvou, e non tivo piedade de min. Eu non fun tocado pola lanza sanguenta que o furou. Pode ser que o sangue do Señor dos outros me tería curado. Matino a miúdo co sangue: podería morder cos meus dentes; son cándidos. Xa que ÉL non quixo darme, cobizo coller o que lle pertence. Velaí por que axexei os nenos que baixaban do país de Vendôme cara a esta fraga da Loira. Tiñan cruces e estaban sometidos a ÉL. Os seus corpos eran o Seu corpo e ÉL non me fixo parte do seu corpo. Estou arrodeado na terra por unha condenación pálida. Espiei para chuchar ó pescozo dun dos Seus nenos sangue inocente. *Et caro nova fiet in die irae*. No día de terror, a miña carne será nova. E detrás dos outros andaba un neno fresco e roxo. Marqueino; saltei de súpeto; collinlle a boca cos miñas mans noxentas. Só levaba unha camisa ruda; os seus pes estaban nus e os seus ollos permaneceron plácidos. E consideroume sen asombro. Entón, sabendo que el non berraría, tiven o desexo de oír aínda unha voz humana e saqueille as mans da boca, e el non enxugou a boca. E os seus ollos parecían alén.

- Quen es? Díxenlle.
- Johannes o teutón, respondeu.

¹ “Señor de todos os outros, libérame!”

² “Señor de todos os outros, fáime libre: son leproso.”

E as súas verbas eran límpidas e saudables.

- Onde vas logo? Dixen aínda.

E el respondeu:

- A Xerusalén, para conquistar a Terra santa.

Entón boteime a rir, e pregunteille:

- Onde está Xerusalén?

E el respondeu:

- Non sei.

E eu dixen aínda:

- Que é Xerusalén?

E el respondeu:

- É o Noso Señor.

Entón boteime a rir de novo e preguntei:

- Que é o teu Señor?

E el díxome:

- Non sei; é branco.

E esa verba arroxoume no furor e abrín os dentes baixo o capuchón e deiteime cara o seu pescozo fresco e el non recuou en absoluto, e eu díxenlle:

- Por que non tes medo de min?

E el dixo:

- Por que tería medo de ti, home branco?

Entón grandes bágoas axitáronme, e deiteime no chan, e biquei a terra cos meus terribles beizos, e berrei:

- Porque son leproso!

E o neno teutón consideroume, e dixo limpamente:

- Non sei.

Non tivo medo de min! Non tivo medo de min! A miña noxenta brancura é semellante para el á do seu Señor. E collín unha manchea de herba e enxugueille a boca e as mans. E díxenlle:

- Vai en paz cara ó teu Señor branco, e dille que me esqueceu.

E o neno miroume sen dicir nada. Eu acompañeino fora do negro desta fraga. El andaba sen tremelar. Vin desaparecer os seus cabelos roxos ó lonxe no sol. *Domine infantium, libera me!* Que o son do meu trinquete de madeira chegue ata ti, como o son puro das campás! Mestre dos que non saben, libérame!

RELATO DO PAPA INOCENCIO III

Lonxe do incenso e das casulas, podo falarlle a Deus moi facilmente nesta habitación desdourada do meu palacio. É aquí onde veño pensar na miña vellez, sen que me sosteñan baixo os brazos. Durante a misa, o meu corazón elévase e o meu corpo ponse ríxido; o escintilar do viño sagrado enche os meus ollos, e os óleos preciosos lubrifican o meu pensamento; pero neste lugar solitario da miña basílica, podo curvarme baixo a miña fatiga terrestre. *Ecce homo!* Porque o Señor en verdade non debe oír en absoluto a voz dos seus sacerdotes a través da pompa dos mandamentos e das bulas; e sen dúbida nin a púrpura, nin as xoias, nin as pinturas acceden a el; pero nesta pequena cela ten quizais piedade do meu balbucir imperfecto. Señor, son moi vello, e velaquí estou vestido de branco diante de ti, e o meu nome é Inocencio, e ti sabes que non sei nada. Perdóame o meu papado, pois foi instituído, e eu o padezo. Non fun eu quen ordenou os honores. Eu prefiro ver o teu sol por este cristal redondo que nos reflexos magníficos das miñas cristaleiras. Déixame xemer coma outro vello e virar cara a ti este rostro pálido e engurrado que ergo a penas fora das ondas da noite eterna. Os aneis esvaran ó longo dos meus dedos enfraquecidos, como os derradeiros días da miña vida escapan.

Meu Deus! Eu son o teu vicario aquí, e tendo cara a ti a miña man oca, chea do viño puro da túa fe. Hai crimes grandes. Hai crimes moi grandes. Nós podemos darlles a absolución. Hai herexías grandes. Hai herexías moi grandes. Nós debemos castigalas sen piedade. Nesta hora en que me axeonllo, branco, nesta cela branca desdourada, sufro dunha forte angustia, Señor, ó non saber en absoluto se os crimes e as herexías son do pomposo dominio do meu papado ou do pequeno círculo de día no que un home vello xunta simplemente as súas mans. E tamén, estou inqueda no que toca ó teu Sepulcro. Está sempre rodeado por infieis. Non soubemos en absoluto recuperalo. Ninguén dirixiu a túa cruz cara a Terra santa; pero estamos afundidos no torpor. Os cabaleiros depositaron as súas armas e os reis xa non saben mandar. E eu, Señor, acúsome e peto no peito: son demasiado feble e demasiado vello.

Agora, Señor, escoita este murmurio tremente que sube fora desta pequena cela da miña basílica e aconséllame. Os meus servidores trouxéronme estrañas novas desde os países de Flandes e de Alemaña ata as cidades de Marsella e Xénova. Seitas ignoradas van nacer. Viron correr polas cidades mulleres espidas que non falaban en absoluto. Esas mudas impúdicas designaban o ceo. Varios tolos predicaron a ruína nas prazas. Os eremitas e os clérigos errantes están cheos de rumores. E non sei por que sortilexio máis de sete mil nenos foron atraídos fora das casas. Son sete mil no camiño levando a cruz e o caxato. Non teñen nada que comer, non teñen ningunha arma; son incapaces e dannos vergonza. Son ignorantes de toda verdadeira relixión. Os meus servidores interrogáronos. Responden que van a Xerusalén para conquistar a Terra santa. Os meus servidores dixéronlles que non poderían atravesar o mar. Responderon que o mar se separaría e secaría para deixalos pasar. Os bos pais, piadosos e sabios, esfórzanse en retelos. Eles rompen os pechos durante a noite e franquean as murallas. Moitos son fillos de nobres e de cortesás. É grande pena. Señor, todos eses inocentes serán librados ós naufraxios e ós adoradores de Mahoma. Vexo que o sultán de Bagdad os axexa desde o seu palacio. Tremo de que os mariñeiros se apoderen dos seus corpos para vendelos.

Señor, permitídemme falarvos segundo as fórmulas da relixión. Esta cruzada dos nenos non é en absoluto unha obra pía. Non poderá ganar o Sepulcro ós cristiáns. Aumenta o número de vagabundos que erran nos lindeiros da fe autorizada. Os nosos sacerdotes non poden protexela en absoluto. Nós debemos crer que o Maligno posúe a esas pobres criaturas. Eles van en rabaño cara o precipicio coma os porcos na montaña. O Maligno apodérase de bo grao dos nenos, Señor, como vós sabedes. Deuse a figura, outrora, dun cazador de ratas, para levar coas notas da música da súa caramela a todos os pequenos da cidade de Hamelín. Uns din que eses coitados afogaron no río de Weser; outros, que os pechou no franco dunha montaña. Temede que Satán leve a todos os nosos nenos cara ós suplicios dos que non teñen en absoluto a nosa fe. Señor, vós sabedes que non é bo que a crenza se renove. Tan pronto como apareceu no arbusto ardente, vós fixéste-la encerrar nun tabernáculo. E cando ela escapou dos vosos labios no Gólgota, ordenastes que fora pechada nos copóns e nas custodias. Eses pequenos profetas farán vacilar o edificio da vosa Igrexa. Hai que prohibir-llo. É desprezando ós vosos consagrados, que usaron no voso servizo as súas albas e as súas estolas, que resistiron duramente ás tentacións para ganavos, que vós recibiredes ós que non saben

o que fan? Debemos deixar vir a vós ós pequenos, pero sobre o camiño da vosa fe. Señor, fálovos segundo as vosas institucións. Eses nenos perecerán. Non fagades que haxa baixo Inocencio unha nova masacre dos Inocentes.

Perdóame agora meu Deus, por che ter pedido consello baixo a tiara. O tremelar da vellez retómame. Mira as miñas pobres mans. Son un home moi vello. A miña fe xa non é a dos pequeniños. O ouro das paredes desta cela está usado polo tempo. Son brancas. O círculo do teu sol é branco. O meu vestido é branco tamén, e o meu corazón desecado e puro. Dixen segundo a túa regra. Hai crimes. Hai crimes moi grandes. Hai herexías. Hai moi grandes herexías. A miña cabeza está vacilante de debilidade: quizais non hai nin que castigar nin que absolver. A vida pasada fai dubidar as nosas resolucións. Non vin ningún milagre. Ilumíname. É un milagre isto? Que signo lles deches? Chegaron os tempos? Queres que un home moi vello, coma min, sexa semellante na súa brancura ós teus pequenos nenos cándidos? Sete mil! Aínda que a súa fe sexa ignorante, castigarás a ignorancia de sete mil inocentes? Eu tamén, son Inocencio. Señor, son inocente coma eles. Non me castigues na miña extrema vellez. Os longos anos aprendéronme que ese rabaño de nenos non pode ter éxito. Sen embargo, Señor, é un milagre isto? A miña cela permanece en paz, coma noutras meditacións. Sei que non hai necesidade de implorarte, para que te manifestes; pero eu, desde o alto da miña moi grande vellez, desde o alto do teu papado, suplícoche. Instrúeme, porque non sei. Señor, son os teus pequenos inocentes. E eu, Inocencio, non sei, non sei.

RELATOS DE TRES NENIÑOS

Nós tres, Nicolas que non sabe falar nada, Alain e Denis, partimos polos camiños para ir cara a Xerusalén. Hai moito tempo que andamos. Son voces brancas as que nos chamaron na noite. Chamaban a todos os neniños. Eran como as voces dos paxaros mortos durante o inverno. E primeiro vimos moitos pobres paxaros estendidos sobre a terra xeada, moitos paxariños que tiñan o peito vermello. Despois vimos as primeiras flores e as primeiras follas e trezamos cruces con elas. Cantamos diante das aldeas, como tiñamos costume de facer por aninovo. E todos os nenos corrían cara a nós. E avanzamos coma unha tropa. Había homes que nos maldicían, que non coñecían en absoluto ó Señor. Había mulleres que nos retiñan polos brazos e nos interrogaban, e cubrían os nosos rostros de bicos. E tamén houbo boas almas que nos trouxeron escudelas de madeira, leite tépedo e froitas. E todo o mundo tiña piedade de nós. Porque non saben en absoluto ónde imos e non oíron ningunha das voces.

Na terra hai fragas espesas, e ríos, e montañas e sendeiros cheos de silvas. E ó final da terra atópase o mar que imos atravesar pronto. E ó final do mar atópase Xerusalén. Non temos nin gobernantes nin guías. Pero todos os camiños sonnos bos. Aínda que non sabe falar nada, Nicolas anda coma nós, Alain e Denis, e todas as terras son semellantes, e igualmente perigosas para os nenos. Por todos lados hai fragas tupidas, e ríos, e montañas, e espiñas. Pero por todos lados as voces estarán con nós. Hai aquí un neno, que se chama Eustace, e que naceu cos ollos pechados. Mantén os brazos estendidos e sorrí. Nós non vemos nada máis ca el. É unha neniña a que o leva e a que leva a súa cruz. Chámase Allys. Nunca fala e nunca chora; mantén os ollos fixos nos pes de Eustace, para sostelo cando tropeza. Querémolos ós dous. Eustace non poderá ver as santas lámpadas do Sepulcro. Pero Allys colleralle as mans, para que toque as lousas da tumba.

Oh! Que fermosas son as cousas da terra! Non lembramos nada, porque nunca aprendemos nada. Sen embargo vimos vellas árbores e rochas vermellas. Ás veces pasamos por longas tebras. Ás veces andamos ata a noite por praderías claras. Berrámoslle o nome de Xesús nas orellas de Nicolas, e el coñéceo ben. Pero non sabe dicilo. El goza connosco do que vemos. Porque os seus beizos pódense abrir para a

ledicia e aloumíñanos. E así non son nada desgraciados: porque Allys vela por Eustace e nós, Alain e Denis, velamos por Nicolas.

Diciánnos que atopabamos nos bosque ogros e lobisomes. Son mentiras. Ninguén nos aterrorizou; ninguén nos fixo dano. Os solitarios e os enfermos veñen a mirarnos, e as vellas acenden luces para nós nas cabanas. Fan soar por nós as campás das igrexas. Os labregos érguense dos sucos para espiarnos. Os animais tamén nos miran e non escapan para nada. E desde que andamos, o sol fíxose máis quente, e xa non collemos as mesmas flores. Pero todos os talos poden trezarse das mesmas formas, e as nosas cruces están sempre frescas. Así temos grande esperanza, e pronto veremos o mar azul. E ó final do mar azul está Xerusalén. E o señor deixará vir á súa tumba a todos os nenos. E as voces brancas estarán ledas na noite.

RELATO DE FRANÇOIS LONGUEJOUÉ, CLÉRIGO

Hoxe, décimo quinto do mes de setembro, no ano despois da encarnación do noso Señor mil douscentos doce, viñeron á oficina do meu señor Hugues Ferré varios nenos que piden atravesar o mar para ir ver o santo Sepulcro. E xa que o dito Ferré non ten naves mercantes abondas no porto de Marsella, mandoume requirir ó Señor Guillaume Porc, para completar o número. Os señores Hugues Ferré e Guillaume Porc levarán as naves ata Terra Santa polo amor do Noso Señor X.-C. Hai actualmente dispersos arredor da cidade de Marsella máis de sete mil nenos, algúns dos cales falan linguas bárbaras. E os señores Maxistrados, temendo xustamente a fame negra, reuníronse no concello, onde, tras deliberación, mandaron ós nosos ditos señores co fin de exhortalos e suplicarlles que enviaran as naves con grande dilixencia. O mar non está nestes momentos ben favorable á causa dos equinoccios, pero hai que considerar que unha tal afluencia podería ser perigosa para a nosa boa cidade, tanto máis canto que eses nenos están todos esfameados polo longo do camiño e non saben o que fan. Fixen chamar ós mariñeiros no porto e equipar as naves. Na hora das vésperas poderanse botar á auga. A multitude dos nenos non está en absoluto na cidade, senón que percorren a praia amoreando cunchas por signos de viaxe e disque se asombran das estrelas de mar e pensan que caeron vivas do ceo para indicarlles o camiño do Señor. E deste acontecemento extraordinario, velaquí o que teño que dicir: primeiramente, que é de desexar que os señores Hugues Ferré e Guillaume Porc conduzan prontamente fora da nosa vila a esa turbulencia estranxeira; en segundo lugar, que o inverno foi ben rudo, de onde a terra é pobre este ano, o que saben dabondo os señores comerciantes; en terceiro lugar, que a Igrexa non foi en absoluto avisada do propósito desta horda que ven do Norte, e que non se mesturará na tolemia dun exército pueril (*turba infantium*). E convén alugar ós señores Hugues Ferré e Guillaume Porc, tanto polo amor que lle teñen á nosa cidade como pola súa submisión ó noso Señor, que envíen as súas naves e as escolten neste tempo de equinoccio, e en gran perigo de ser atacadas polos infieis que escuman o noso mar nos faluchos de Alxeria e de Buxía.

RELATO DO KALANDAR

Gloria a Deus! Loado sexa o Profeta que me permitiu ser pobre e errar polas vilas invocando ó Señor! Tres veces benditos sexan os santos compañeiros de Mohammed que instituíron a orde divina á que pertenzo! Porque son semellante a El cando o botaron a pedradas fora da cidade infame que non quero nomear, e se refuxiou nunha viña onde un escravo cristián tivo piedade del, e deulle uvas, e foi tocado polas palabras da fe ó declinar do día. Deus é grande! Atravesei as cidades de Mosul, e de Bagdad, e de Basrah e coñecín a Sala-ed-Din (deus teña a súa alma) e ó sultán o seu irmán Seif-ed-Din, e contemplei ó Comendador dos Crentes. Vivo moi ben dun pouco arroz que mendigo e da auga que verten na miña cabaza. Manteño a pureza do meu corpo. Pero a maior pureza reside na alma. Está escrito que o Profeta, antes da súa misión, caeu profundamente durmido no chan. E dous homes brancos descenderon a dereita e esquerda do seu corpo e permaneceron alí. E o home branco á esquerda fendeulle o peito cun coitelo de ouro, e sacou del o corazón, do que espremeu o sangue negro. E o home branco á dereita fendeulle o ventre cun coitelo de ouro, e sacou del as vísceras, que purificou. E volveron poñer as entrañas no sitio, e desde entón o Profeta estivo puro para anunciar a fe. Velaí unha pureza sobrehumana que pertence principalmente ós seres anxélicos. Sen embargo os nenos tamén son puros. Tal foi a pureza que desexou orixinar a adiviña cando viu a aureola arredor da cabeza do pai de Mohammed e que intentou xuntarse a el. Pero o pai do Profeta uniuse á súa muller Aminah, e a aureola desapareceu da súa fronte, e a adiviña coñeceu así que Aminah acababa de concibir un ser puro. Gloria a Deus, que purifica! Aquí, baixo o cuberto deste bazar, podo descansar, e saudarei ós que pasan. Hai ricos comerciantes de telas e de xoias que permanecen en crequenhas. Velaquí un caftán que ben vale mil dinares. Eu non necesito diñeiro para nada, e son libre coma un can. Gloria a Deus! Lembro, agora que estou á sombra, o inicio do meu discurso. Primeiramente, falo de Deus, fora do cal non hai Deus, e do noso Santo Profeta, que revelou a fe, porque é a orixe de todos os pensamentos, xa saían da boca, xa foran trazados coa axuda do cálamo. En segundo lugar, considero a pureza da que Deus dotou ós santos e ós anxos. En terceiro lugar, reflexiono sobre a pureza dos nenos. En efecto, acabo de ver a un gran número de nenos

cristiáns que foron comprados polo Comendador dos Crentes. Vinos no camiño grande. Andaban coma un rabaño de ovellas. Disque veñen do país de Exipto, e que os navíos dos Francos desembarcáronos alí. Satán posuíaos e intentaban atravesar o mar para ir a Xerusalén. Gloria a Deus. Non foi permitido que unha tan grande crueldade fora levada a cabo. Porque eses pobres nenos terían morto no camiño, sen ter nin axudas nin víveres. Son totalmente inocentes. E á súa vista tireime ó chan, e batín a terra coa fronte loando ó Señor en voz alta. Velaquí agora cal era a disposición deses nenos. Estaban vestidos de branco, e levaban cruces cosidas sobre a súa roupa. Non parecían saber onde se atopaban, e non parecían aflixidos. Manteñen os ollos dirixidos constantemente ó lonxe. Fixeime nun deles que era cego e que unha neniña tiña da man. Moitos son roxos e de ollos verdes. Son Francos que pertencen ó emperador de Roma. Adoran falsamente ó profeta Xesús. O erro deses Francos é manifesto. En primeiro lugar, está probado polos libros e os milagres que non hai outra palabra que a de Mohammed. Despois, Deus permítenos diariamente de glorificalo e de procurar a nosa vida, e ordena ós seus fieis que protexan a nosa orde. En fin, rexeitoulles a clarividencia a eses nenos que partiron dun país de lonxe, tentados por Iblis, e non se manifestou para advertilos. E se non caeran afortunadamente nas mans dos Crentes, teríanos collido os Adoradores do Lume e encadeado en adegas profundas. E eses malditos ofreceríanos en sacrificio ó seu ídolo devorador e detestable. Loado sexa o noso Deus que fai ben todo o que fai e que protexe mesmo ós que non o confesan en absoluto. Deus é grande! Irei agora pedir a miña parte de arroz na tenda deste ourive, e proclamar o meu desprezo das riquezas. Se Deus quere, todos eses nenos serán salvados pola fe.

RELATO DA PEQUENA ALLYS

Xa non podo andar ben, porque estamos nun país ardente, onde dous malos homes de Marsella nos levaron. E primeiro fomos sacudidos no mar nun pequeno día negro, no medio dos lumes do ceo. Pero o meu pequeno Eustace non tiña terror ningún porque non vía nada e eu lle tiña as dúas mans. Quéroo moito, e vin aquí a causa del. Porque non sei onde imos. Hai tanto tempo que saímos. Os outros falábanos da cidade de Xerusalén, que está ó final do mar, e de Noso Señor que estaría alí para recibirnos. E Eustace coñecía ben ó Noso Señor Xesús, pero non sabía o que é Xerusalén, nin unha cidade, nin o mar. Escapou para obedecer a voces e oíaaas todas as noites. Oíaaas na noite a causa do silencio, porque non distingue a noite do día. E interrogábame sobre esas voces, pero eu non podía dicirlle nada. Eu non sei nada, e teño pena só a causa de Eustace. Andabamos cerca de Nicolas, e de Alain, e de Denis; pero eles subiron a outro navío, e todos os navíos xa non estaban alí cando reapareceu o sol. Mágoa! Que é deles? Volverémolos atopar cando cheguemos cerca do Noso Señor. É aínda moi lonxe. Falan dun gran rei que nos fai vir, e que ten no seu poder a cidade de Xerusalén. Nesta comarca todo é branco, as casas e a roupa, e o rostro das mulleres está cuberto por un velo. O pobre Eustace non pode ver esa brancura, pero eu fálolle dela, e el goza. Porque di que é o signo do final. O Señor Xesús é branco. A pequena Allys está cansa, pero ten a Eustace pola man, para que non caia, e non ten tempo de pensar na súa fatiga. Descansaremos esta noite, e Allys durmirá, como de costume, cerca de Eustace, e se as voces non nos abandonaron, ela intentará oílas na noite clara. E terá a Eustace da man ata o final branco da grande viaxe, porque ten que ensinarlle o Señor. E de seguro o Señor terá piedade da paciencia de Eustace, e permitirá que Eustace o vexa. E quizais entón Eustace verá á pequena Allys.

RELATO DO PAPA GREGORIO IX

Velaquí o mar devorador, que parece inocente e azul. Os seus pregues son doces e está bordeado de branco, coma un vestido divino. É un ceo líquido e os seus astros están vivos. Eu medito sobre el, desde ese trono de rochas onde me fixen levar fora da miña liteira. Está verdadeiramente en medio das terras da cristiandade. Recibe a auga sagrada onde o Anunciador lavou o pecado. Sobre os seus bordes se inclinaron todas as santas figuras, e balanceou as súas imaxes transparentes. Gran unción misteriosa, que non ten nin fluxo nin refluxo, arrolado de azul, inserido no anel terrestre coma unha xoia fluída, interrógote cos meus ollos. Oh mar Mediterráneo, devólveme os meus nenos! Por que os colliches?

Eu non os coñecín en absoluto. A miña vellez non foi acariciada polos seus alentos frescos. Non viñeron a suplicarme coas súas tenras bocas entreabertas. Sos, semellantes a pequenos vagabundos, cheos dunha fe furiosa e cega, lanzáronse cara á Terra prometida e foron aniquilados. De Alemaña e de Flandes, e de Francia e de Savoia e de Lombardía, viñeron cara ás túas ondas pérfidas, mar santo, murmurando indistintas palabras de adoración. Foron ata a cidade de Marsella; foron ata a cidade de Xénova. E ti leváchelos en naves sobre as túas anchas costas cristadas de espuma, e virácheste, e levaches cara a eles os teus brazos glaucos, e gardáchelos. E os outros, traizoáchelos, levándoos cara ós infieis; e agora suspiran nos palacios de Oriente, cativos dos adoradores de Mahoma.

Outrora, un orgulloso rei de Asia fixo que che golpearan con varas e te cargaran de cadeas. Oh mar Mediterráneo! Quen te perdoará? Es tristemente culpable. É a ti a quen acuso, a ti so, falsamente límpido e claro, mal espellismo do ceo; chámote en xustiza diante do trono do Máis Alto, do que veñen todas as cousas creadas. Mar consagrado, que fixeches dos nosos nenos? Ergue cara a El o teu rostro cerúleo; tende cara a El os teus dedos que estarrecen de burbullas; axita o teu innumerable rir púrpura; fai falar o teu murmurio, e réndelle contas.

Mudo por todas as túas bocas brancas que veñen a expirar ós meus pes na praia, non dis nada. Hai no meu palacio de Roma unha antiga cela desdourada, que a idade

fixo cándida coma un alba. O pontífice Inocencio tiña costume de retirarse alí. Pretenden que alí meditou moito tempo sobre os nenos e a súa fe, e que lle pediu ó Señor un signo. Aquí, desde o alto deste trono de rochas, entre o aire libre, declaro que ese pontífice Inocencio tiña el mesmo unha fe de neno, e que sacudiu en van os seus cabelos cansos. Eu son moito máis vello que Inocencio; son o máis vello de todos os vicarios que o Señor colocou aquí abaixo, e só empezo a comprender. Deus non se manifesta en absoluto. Asistiu ó seu fillo no xardín das Oliveiras? Non o abandonou na súa angustia suprema? Oh tolemia pueril a de invocar o seu socorro! Todo mal e toda proba só residen en nós. El ten perfecta confianza na obra amasada polas súas mans. E ti traizoaches a súa confianza. Mar divino, non te asombres en absoluto da miña linguaxe. Todas as cousas son iguais diante do Señor. A soberbia razón dos homes non vale máis ó prezo do infinito que o olliño radiado dun dos teus animais. Deus acorda a mesma parte ó gran de area e ó emperador. O ouro madurece na mina tan impecablemente como o monxe reflexiona no convento. As partes do mundo son tan culpables as unhas como as outras, cando non seguen as liñas da bondade; porque proceden de El. Non hai en absoluto ós seus ollos pedras nin plantas nin animais nin homes, senón creacións. Vexo todas esas cabezas branqueadas que saltan sobre as túas ondas, e que se funden na túa auga; só brotan un segundo baixo a luz do sol, e poden ser condenadas ou elixidas. A extrema vellez instrúe o orgullo e ilumina a relixión. Teño tanta piedade por esa pequena cuncha de nácara como por min mesmo.

Velaí por que te acuso, mar devorador, que tragaches os meus nenos. Lémbrete do rei asiático polo que fuches castigado. Pero non era un rei centenario. Non sufrira anos dabondo. Non podía comprender en absoluto as cousas do universo. Eu non te castigarei pois. Porque a miña queixa e o teu murmuro virían morrer ó mesmo tempo ós pes do Máis Alto, como o ruído das túas pinguiñas ven morrer ós meus pes. Oh mar Mediterráneo! Perdóote e absólvote. Douche a moi santa absolución. Vaite e non peques máis. Son culpable coma ti de faltas que non coñezo en absoluto. Ti confésaste incesantemente na praia polos teus mil beizos que xemen, e eu confésome a ti, gran mar sagrado, polos meus beizos murchos. Confesámonos un ó outro. Absólveme e absólvote. Retornemos á ignorancia e á candor. Así sexa.

Que farei na terra? Habará un monumento expiatorio, un monumento para a fe que non sabe. As idades que virán deben coñecer a nosa piedade e non desesperar en absoluto. Deus levou cara a el ós pequenos nenos cruzados, polo santo pecado do mar;

inocentes foron masacrados; os corpos dos inocentes terán o seu asilo. Sete naves afundiron no arrecife de Reclus; construirei nesa illa unha igrexa dos Novos Inocentes e instituirei nela doce prebendados. E ti devolverasme os corpos dos meus nenos, mar inocente e consagrado; ti levaralos cara as praias da illa, e os prebendados depositaranos nas criptas do templo; e acenderán, enriba, eternas lámpadas onde arderan óleos santos, e mostrarán ós viaxeiros piadosos todas esas osamentas brancas estendidas na noite.